

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de outubro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día dezanove de outubro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2005).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(2006).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN DO NADAL. EXPTE. 4526/106.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 19/10/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data 19/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 19 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de setembro de 2017 de LA FIESTA ESCÉNICA por incorporar ao sobre B “documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC” (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106) na seguinte orde descendente:

<i>Licitador</i>	<i>Puntuación</i>
<i>ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L.</i>	<i>98 puntos</i>

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación esixida pola*

normativa aplicable para as instalacións luminotécnicas e sónicas (apartado 6D do Anexo I -FEC- do PCAP).

4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.007,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., o día 29 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida nas datas 11, 15 e 16 de outubro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 19 e 25 de setembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 133.100,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 23.100,00 euros.
- b) Propón un incremento da superficie a decorar nas seguintes zonas:

Praza de Urzáiz (espazo público inmediatez Farola)	4m ²
Rúa Príncipe (diante do MARCO, laterais e escaleiras)	3m ²
Rúa Príncipe (mediana entre MARCO e Porta do Sol)	3m ²
Rúa Eduardo Iglesias (mediana entre rúa Príncipe e rúa Progreso, ata a xardineira central existente)	1m ²
Porta do Sol (xardín efímero)	3m ²

- c) Incrementa o stock de seguridade esixida no prego (10%) nun 54%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(2007).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS 2018. EXPTE. 7148/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 6/10/17, e o informe de fiscalización de data 19/10/17, dáse conta do informe-proposta 10/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira delegada da Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos de Sector Público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Informe da Xefa do Servizo de Festas de data 27 de setembro sobre a necesidade e idoneidade da contratación do deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2018.

Segundo.- Resolución da Concelleira de Festas e Turismo de data 28 de setembro de 2017.

Tercero.- Memoria xustificativa de data 29 de setembro de 2017.

Cuarto.- Prego de prescricións técnicas para a contratación do deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2018 por procedemento negociado con publicidade de data 29 de setembro de 2017.

Quinto: Prego de cláusulas administrativa particulares para a contratación do deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2018 por procedemento negociado con publicidade de data 4 de outubro de 2017.

Sexto: Informe xurídico favorable ao expediente 7148/335 de data 6 de outubro de 2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O expediente de contratación de acordo co disposto no artigo 93.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015). A Concelleira da Área de Festas e Turismo en virtude do decreto antedito, autorizou o inicio de este expediente de contratación.

Segundo: No expediente constan: Informe da Xefa do Servizo de Festas de data 27 de setembro sobre a necesidade e idoneidade da contratación do deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2018; Resolución da Concelleira de Festas e Turismo de data 28 de setembro de 2017; Memoria xustificativa de data 29 de setembro de 2017; Prego de prescricións técnicas para a contratación do deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2018 por procedemento negociado con publicidade de data 29 de setembro de 2017; Prego de cláusulas administrativa particulares para a contratación do deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2018 por procedemento negociado con publicidade de data 4 de outubro de 2017; Informe xurídico favorable ao expediente 7148/335 de data 6 de outubro de 2017.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o negociado con publicidade con múltiples criterios de adxudicación. Xustifícase a elección deste procedemento tanto na escaseza de empresas ofertantes como no valor do contrato, estimado en menos de 100.000 euros, tal como dispón o artigo 158.e da LCSP.

Cuarto: En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición

adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, 8) da LCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo, o 6 de outubro de 2017, informe favorable ó expediente de contratación.

Quinto: No artigo 93.3 da LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

Sexto: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º da LCSP. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

Sétimo: O contrato considérase como de servizos do artigo 10 do Real Decreto Lexislaivo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2018, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data de data 29 de setembro de 2017, e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de data 4 de outubro de 2017.

2º.- O gasto correspondente a este expediente é de **65.000,00 euros**, que podería imputarse á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 45.500 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2018 por importe de 19.500 € (30% do importe do prezo de contrato).

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(2008).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE TORRECEDEIRA E PI MARGALL. EXPTE. 4860/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 19/10/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Para levar a cabo as obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE TORRECEDEIRA E PI MARGALL” o Concelleiro Delegado de Fomento dictou resolución autorizando o gasto e a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Pablo Menéndez S.L.U.

2º.- En data 30.05.2017 a Directora Xeral de patrimonio Cultural (p.d. a xefa do servizo de coordinación da área cultural) autorizou a realización de sondaxes arqueolóxicas no parque Camilo José Cela e na rúa Juan Ramón Jiménez (entre as rúas Torrecedeira e Pi y Margall).

3º.- En data 15.06.2017, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural (p.d. a xefa do servizo de coordinación da área cultural) autorizou a remodelación da parte alta do parque, a instalación dunha escultura-área de xogos e a construción dun ascensor, todos eles condicionados á realización dunhas sondaxes arqueolóxicas previas.

Unha vez realizadas as sondaxes con data 09.08.2017 foi remitido á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Turismo copia do informe emitido pola Arqueóloga Municipal do Concello de Vigo e dúas copias da Memoria Técnica das Sondaxes Arqueolóxicas no Parque Camilo José Cela e a Rúa Juan Ramón Jiménez (entre Torrecedeira e Pi y Margall), correspondente ao proxecto de “Implantación das políticas de desenvolvemento urbano sustentable (Vigo vertical), na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi y Margall.

4º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3.216/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 05.10.2017 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 05.10.2017 correspondese co expediente administrativo 3.216/443, que incluí o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz.
- b)** Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 09.10.2017
- c)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 09.10.2017

- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipais con data 09.10.2017
- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 10.10.2017.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 10.10.2017
- g) Dilixencia servizo xestor solicitando a rectificación duns erros
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares definitivo, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 19.10.2017
- i) Informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica de datas 17.10.2017 e 19.10.2017 ao PCAP definitivo

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP),

unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “*IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE TORRECEDEIRA E PI MARGALL*”

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 19.10.2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS SETECENTOS NOVENTA E SETE MIL SETECENTOS DEZANOVE EUROS CON CUARENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.797.719,49€), sendo o importe correspondente ao IVE de 485.554,62 euros €.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2017 da partida orzamentaria 1539.619.00.10 “*PROXECTO VIGO VERTICAL DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE NA RÚA JUAN RAMÓN JIMENEZ, ENTRE TORRECEDEIRA E PI MARGALL*”

Ao ter a financiación carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2017: 700.000,00€

2018: 1.000.000,00€

2019: 1.097.719,49€

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 142,86%. e para a terceira anualidade en 156,82%.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Cayetano Rodríguez Escudero.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez